



Confederación Intersindical Galega
C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Mesa Xeral da AEAT Novo Acordo de provisión de Provisión de Postos ("Paneles")

No día de hoxe, en formato de Mesa Xeral, con todas as organizacións sindicais máis representativas da AEAT, tratouse o novo Acordo de Provisión de Posto ("Paneles").

Como vimos falando nas últimas reunión (tanto na de Carreira Administrativa, coma na do Seguimento do Acordo de Provisión de Postos), a AEAT trata de introducir modificacións co fin de incluír aqueles aspectos que establece a lexilación e dotar a estes procedementos dunha maior seguridade xurídica.

Así, pois, no novo acordo asinado, establecece, como novidades:

- Valoración da conciliación, cun máximo de 3 puntos
- Valoración da antigüidade nos Subgrupos anteriores, a razón de 0,10 puntos por ano traballado.
- A penalización, no caso de cambio de área do persoal adxudicatario que esté prestando servizos no tramo 5 ou superior, pasaría a ser no tramo 4 (en lugar do tramo 3, como ata agora). Por ese motivo, todos aqueles que resultaran adxudicatarios de prazas de Panel neste ano 2019 e que se atopen neste caso (que estén agora coa penalización no tramo 3) pasarán ao tramo 4 con data de inicio deste mes (afectaría ao último Panel de Axentes de Facenda Pública e o CTH)
- Respecto ao número de prazas que se adxudicarán nos Paneles, o novo Acordo establece que a Comisión de Seguimento coñecerá, con carácter previo, o número das prazas, tanto aseguradas coma posibles, que se adxudicarán. Lembra que ata agora nas convocatorias dos Paneles saían a localización e a área da praza que se convocaba pero non se coñecía o número de adxudicacións que se ían realizar ata o mesmo momento de resolverse o Panel.

Desde a **CIG** comentamos:

- Seguimos a defender os concursos, é o medio normal de provisión de postos. Podemos estar de acordo cos Paneles como forma de mobilidade pero iso non é incompatible coa convocatoria de concursos periódicos, sobre todo como un xeito máis de promoción e de cobertura das prazas de niveis altos que van quedando vacantes.
- Volvimos a insistir na busca dunha solución para os compañeiros de Vixilancia Aduaneira que perderon a súa praza pola sentenza que anulou o seu Panel. A AEAT mostrou a súa disposición a atopar unha solución e informounos de que dun colectivo de 74, que foron os que perderon a praza nese panel, agora atópanse en situación provisional sobre 30.

Noutro orde de cousas, respecto aos próximos paneles, informámosvos que nos próximos días publicarase na Intranet o Panel de Axentes de Vixilancia Aduaneira. As previsións, a día de hoxe, respecto ao Panel C1-C2 son que os listados provisionais, e o prazo de renuncias, estén a mediados de xullo, para resolvelo á volta do verán.

2/07/2019